



*Entidade Local Menor
de Bembridge*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 12/2021, DO DIA 30
DE DECEMBRO DE 2021**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembridge, sendo ás vinte horas e tres minutos do xoves día 30 de decembro de 2021, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 27 do mesmo mes, réunese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia do Alcalde-Pedáneo, D. Marcos Castro González, asistindo os seguintes vocais:

D ^a . Patricia Otero Carrera	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D ^a . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA:

1. **Acta anterior:**
- Núm. 11/2021, do 16 de decembro de 2021.
2. **Proposta da Alcaldía-Pedanía de solicitude de melloras no sistema de iluminación da Alameda do Torreiro da Ponte ao Concello de Vigo.**

II. PARTE DE CONTROL:

3. **Resolucións da alcaldía – pedanía.**
4. **Rogos e preguntas.**

Ábrese a sesión polo Sr. Alcalde Pedáneo á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

1. **Acta anterior:**
- Núm. 11/2021, do 16 de decembro de 2021.



Entidade Local Menor de Bembrive

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

2. Proposta da Alcaldía-Pedanía de solicitude de melloras no sistema de iluminación da Alameda do Torreiro da Ponte ao Concello de Vigo.

Dase conta da proposta do Sr. Alcalde-Pedáneo de 27.12.2021 co seguinte contido:

“ANTECEDENTES DE FEITO:

Esta Alcaldía- Pedanía considera a necesidade da modificación das iluminarias da Alameda do Torreiro da Ponte e toda a súa contorna ao considerar que datan dunha certa antigüidade e non se adecuan as circunstancias enerxéticas de vida actuáis.

PROPOSTA:

Esta proposta ven motivada pola necesidade da mellora da iluminación da Alameda do Torreiro da Ponte e toda a súa contorna incluíndo o centro cultural Helios, parque infantil e pista polideportiva ao atoparse unha clara falta de luminosidade sobre todo na tempada de inverno, donde as horas de luz solar son moito menores.

Polo tanto, propoño á Xunta Veciñal a solicitar ao Concello de Vigo que realice as xestións oportunas para o cambio das iluminarias da Alameda do Torreiro da Ponte e a súa contorna a un formato de luces LED máis moderno e adecuado as circunstancias enerxéticas actuáis .

De todas maneiras a Xunta Veciñal decidirá o que estime oportuno.”

Non se producen intervencións.

ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos cinco membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

II. PARTE DE CONTROL:

3. Resolucións da alcaldía – pedanía.

De conformidade ao recollido nos art. 22.2 da Lei 7/1985 e art. 42 do RD 2568/1986 polo que se aproba o ROF, pola Presidencia dase conta da relación das resolucións adoptadas pola mesma dende a convocatoria da sesión do 28.10.2021 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. e Sras. vogais dende a convocatoria desta sesión:



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

- 132 26.10.2021 **Aprobación de conta xustificativa de 9 xustif. de gasto, expte. de pagos a xustificar 1/2021** (servizos e subministros para **XXII Festa da Sidra**), exp. 40/2021, **cun impte. xustificado de 2.774,28 €, dun total de 4.000 €**
- 133 27.10.2021 **Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 16 xustificantes de gasto, nº 29/2021** (subministros e servizos), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 1.848,93 €**.
- 134 28.10.202 **Adxudicación de contrato menor de obras en “Reparación e formigonado na entrada do Centro Cultural Xestas” a Alberto Fernández Gómez, por importe total de 3.188,35 €**.
- 135 28.10.2021 **Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas dos traballadores desta Entidade correspondentes ao mes de outubro, por 5.073,50 € (impte. neto)**
- 136 28.10.2021 **Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas dos membros da Xunta Veciñal desta Entidade con dedicación correspondentes ao mes de outubro, por 2.363,03 € (impte. neto)**.
- 137 05.11.2021 **Aprobación xustificantes, recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago ao Concello de Vigo por 18 recibos de IBI urbana do ano 2021, por impte. total de 1.891,61 €**.
- 138 09.11.2021 **Recoñecemento de obriga do gasto e orde de pago a 3 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en outubro 2021, por impte. bruto total de 1.350 €**.
- 139 16.11.2021 **Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 3 xustificantes de gasto, nº 30/2021** (subministros e servizos), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 701,54 €**.
- 140 18.11.2021 **Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 1 xustif de gasto, nº 31/2021** (submin. de Ópera Prima para o Ateneo Musical), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 2.595,21 €**.
- 141 19.11.2021 **Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de exp. e aprobar relación dun xustif de gasto, nº 32/2021** (servizo de AOS abogados, por asesoramento xurídico xeral), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para seu pago, **por imp. bruto de 2.595,21 €**.
- 142 22.11.2021 **Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 11 xustificantes de gasto, nº 33/2021** (subministros e servizos), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 1.815,39 €**.



Entidade Local Menor de Bembrive

- 143 23.11.2021 **Orde de pago por sentenza** do Xulgado C-Admvo. 1 de Vigo no **P.O. 209/2019**, promovido por **Acelec Instalaciones Eléctricas S.L.**, condenando ao pago de **605 €** en concepto de taxación de custas.
- 144 29.11.2021 Convocatoria de sesión extra. da X. Veciñal para o 02.12.2021 (2 asuntos)
- 145 02.12.2021 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** dos traballadores desta Entidade correspondentes ao mes de **novembro**, por **5.072,31 €** (impte. neto)
- 146 02.12.2021 Recoñecemento da obriga de gasto e **orde do pago das nóminas** dos membros da **Xunta Veciñal** desta Entidade con **dedicación** correspondentes ao mes de **novembro**, por **2.362,70 €** (impte. neto).
- 147 13.12.2021 Convocatoria de sesión extra. da X. Veciñal para o 16.12.2021 (3 asuntos).
- 148 20.12.2021 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 7 xustificantes de gasto, nº 34/2021** (obras, subministros e servizos), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 2.332,23 €**.
- 149 20.12.2021 **Adxudicación de contrato menor** de obras en “**Reparación na Rúa da Cruz con Rúa Carballal 48: Instalación tubería de pluviais**” a **Alberto Fernández Gómez**, por importe total de **6.414,21 €**.
- 150 21.12.2021 **Aprobar relación de xustificante de gasto, nº 36/2021** (obra de C. Morgasan por reparac. en parques), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 4.706,90 €**.
- 151 22.12.2021 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 4 xustificantes de gasto, nº 37/2021** (subministros e servizos da X Carreira Solidaria), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 1.360,59 €**.
- 152 23.12.2021 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de xustificante de gasto nº 39/2021** (subministro de Belesar Sport de vestim. deportiva), e orde de **recoñecemento** con cargo á corresp. partida para o seu pago, **por impte. bruto de 834,91 €**.
- 153 27.12.2021 Convocatoria de sesión ordinaria da X. Veciñal para 30.12.2021 (4 asuntos)

4. Rogos e preguntas.

Non se formulan.



*Entidade Local Menor
de Bembrive*

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20.12 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

.....

Ante a existencia de persoas asistentes como público a esta sesión que desexan coñecer a opinión do goberno da Entidade Local de Bembrive sobre a previsión de dous viais de alta capacidade no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo aprobado inicialmente polo Concello e que actualmente se atopa no trámite de información pública para a presentación de alegacións; o Alcalde Pedáneo abre un turno de palabra en relación ao asunto.

A Presidencia informa ao público asistente que a Entidade está elaborando unha alegación co fin de minimizar os danos dese vial, que crea un inconveniente na parroquia e que aos afectados haberá que indemnizalos correctamente e reubicalos na parroquia. Que desde esta Entidade se fixeron tres reunións, contratouse a un equipo de técnicos para atender as suxerencias, que prantexaron unas 70 persoas, outra reunión coa concelleira de Urbanismo, e outra xuntanza con arquitectos, un servizo de asesoramento gratuito para a veciñanza polo que pasaron máis de 100 persoas, e a elaboración dunhas 40 alegacións ás persoas interesadas. Ante a afirmación do público de que a Entidade non está abordando este asunto como debería porque entenden que se debería tratar de eliminar esa previsión do PXOM porque Bembrive veríase moi afectada, cousa que sí están facendo na parroquia de Beade, indica que esta ten unha situación peor, e que iso xa o ten contemplado na alegación que vai presentar esta Entidade, que está asesorada por un servizo xurídico e de arquitectos, e que se porá o que eles indiquen para que o vial teña o menor impacto posible. Nesa mesma alegación vaise pedir que se contemple o Núcleo Rural de Mandín, que quedou fóra do solo urbano, ao considerar este goberno que debería estar incluído, un lavadoiro no Camiño do Castiñeira, e a zona de Xestoso que tamén queda como solo rústico. Tamén informa que o día 7 virán os técnicos á sede da Entidade. Entende que haxa certo interese entre a veciñanza neste asunto e ofrece a súa colaboración á mesma. Desexa un feliz ano e un bo Nadal aos asistentes.

O acto remata ás 20.17 horas

.....

Vº e pr. do Alcalde Pedáneo,

Asdo. Marcos Castro González



A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellos Leis